

**REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS  
CALENDARIO LABORAL, VACACIÓN S E DÍAS DE LIBRE DISPOSICIÓN  
ANO 2021**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerenta:**

Raquel María Souto García

**Vicexerente de Recursos Humanos:**

José González Groba

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

**COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA**

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Margarita Turnes Negreira(CCOO)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Luciano Otero Camiña (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Rita Velasco Graña(CCOO)

**XUNTA PAS**

Xan Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

José M. Sónora Abeijón (UGT)

Teresita Aboal Somoza(UGT)

Mónica Méndez López (UGT)- Escusa ausencia

**COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE**

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente )

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

María del Carmen García Meijide (CIG)-Escusa ausencia

Os membros da Xunta PAS e os Comités de Empresa de Ourense e Pontevedra reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 14 de decembro de 2020, na Sala 20 do Campus Remoto, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. .Aprobación, se procede, da acta pendente da reunión anterior.
2. Instrucción da xerencia sobre o calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2021 do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.



### 3. Rolda de intervencións.

#### 1. Aprobación, se procede, da acta pendente da reunión anterior.

Dado que non houbo alegacións á acta achegada, apróbase por asentimento a acta da convocatoria anterior.

#### 2. Instrucción da xerencia sobre o calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2021 do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

A Xerenta comeza dicindo que se enviou o borrador de instrución tendo en conta que o peche do mes de agosto será do día 4 ao 18. Segundo parece, as probas das ABAU vanse desenvolver igual que 2019, en xuño e xullo, polo que estas datas de peche en agosto non parece que revistan problema.

O presidente do CEPO di que, ao igual que dixera o ano anterior, seguen sen saber se realmente é real o aforro que se produce. Engade que teñen solicitado un informe económico do aforro que supón o peche e nunca se lles facilitou, polo que non teñen información suficiente para valorar o peche nesas datas. Por outra banda, mostra o seu desacordo con que as persoas que traballen nesas datas non teñan días de compensación.

A xerenta responde que o feito de non ter días de compensación é unha cuestión tratada e aprobada cos órganos de representación. O argumento acordado foi que se trataba de compensar con días libres ás persoas obrigadas a coller as vacacións no período de peche de agosto, xa que os que traballan nesas datas poden coller as súas vacacións en calquera outro momento.

Pablo Álvarez di que no punto 7.2 do borrador onde di “Nestes períodos a Xerencia poderá acordar outro horario de apertura...” debería poñer “Nestes períodos a Xerencia poderá acordar cos órganos de representación do PAS, outro horario de apertura,...” Aclara que é un tema que debería acordarse cos órganos de representación.

A Xerenta di que non ve problema en cambiar ese parágrafo xa que, na medida do posible, sempre se tenta de chegar a un acordo co persoal.

O presidente da Xunta PAS di que dende hai dous anos se negociou e acordou a compensación polo peche do mes de agosto, polo que agora non entende volver a discutir sobre o mesmo. O único que se consegue con iso é crear inseguridade. Considera que cando se sae dunha reunión cun acordo non debería se volver a discutir ese tema.

O presidente do CEO considera igualmente innecesario e non procedente volver a discutir un tema xa acordado. Só fai un matiz en relación ao peche de nadal solicitando coñecer con máis antelación dos 20 días que reflicte o documento, para que o persoal se poida organizar.



# Universidade de Vigo

Rita Velasco di que nunha reunión sobre días de vacacións hai que trasladar as queixas dos compañeiros.

A xerenta conclúe que, logo das intervencións producidas, modificarase o documento no relativo ao punto 7.2 tal e como se indicou anteriormente e ampliarase a un mes de antelación o coñecemento dos días de peche de nadal.

Por outra banda explica que, tanto a Instrucción do 11 de setembro de 2020 sobre medidas aplicables ao persoal de administración e servicios (PAS) da Universidade de Vigo en situación de vulnerabilidade ao sars-cov-2 como a Instrucción da xerencia do 6 de novembro de 2020 pola que se adoptan medidas excepcionais de prestación de servizos do PAS, no marco da crise sanitaria ocasionada pola covid-19, se van prorrogar ata o 31 de xaneiro de 2021 xa que segundo indican as previsións o mes de xaneiro vai a estar afectado polos posibles contaxios producidos durante as reunións do Nadal.

### 3. Rolda de intervencións.

María Moreira solicita que, na medida que se poida, se lle faciliten ordenadores ao PAS tal e como e fai co PDI.

A xerenta di que a posibilidade de facilitar un ordenador, é igual no PAS que no PDI, e está previsto no caso dun confinamento obligatorio. Engade que está prevista unha compra de portátiles tanto para PAS como para PDI.

Carlos Mollinedo pregunta que para cando un acordo para a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Universidade.

A xerenta responde que neste momento non está na axenda de xerencia unha data para negociar este acordo. Non obstante, para poder estudalo, solicita unha proposta por parte dos órganos de representación da Universidade.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:15h

A photograph showing four handwritten signatures in black and blue ink. From left to right: 1) A black ink signature that appears to be 'Rita'. 2) A blue ink signature that appears to be 'Mollinedo'. 3) A large, stylized black ink signature that appears to be 'Xerente'. 4) A blue ink signature that appears to be 'Ana'.

